

## I. DATOS XERAIS DA MATERIA

- a) **Nome oficial.** Técnicas Estatísticas para ARI
- b) **Titulación.** ADE
- c) **Créditos** 4.5 (Teóricos 3; Prácticos 1.5)
- d) **Curso.** Quinto (Esp. Dir Xeral)
- e) **Código da materia.** 611211622
- f) **Tipo.** Optativa
- g) **Impartición.** Cuatrimestral
- h) **Departamento/s responsable/s.** Economía Aplicada II
- i) **Profesor/a coordinador/responsable da docencia**

**Información por grupo** (Grupo Único)

- j) **Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia**  
Xosé Ml. Martínez Filgueira

### k) Lugar e horario de titorías

Xosé Ml. Martínez Filgueira:  
Despacho 342, 3ª planta, Facultade de Ciencias Económicas e  
Empresariais

Luns	15:30 – 18:30
Martes	11:30 – 14:30

### l) E-mail

Xosé Ml. Martínez Filgueira: [xm@estadistica.es](mailto:xm@estadistica.es)

### m) Universidade Virtual SI

Web da asignatura: <http://www.udc.es/dep/ecoapl2/esteco1/tecnicas/>

### 5) Lingua na que se impartirá a docencia galego

## II. OBXETIVOS DA MATERIA

1. Coñecer técnicas básicas de Análise Multivariante.
2. Coñecer e manexar software estatístico de análise de datos multivariantes.

## III. METODOLOXÍA

**Clase maxistral:** Estas clases non serán a típica sesión maxistral, se non que se apoiarán fortemente no material proporcionado aos alumnos polo profesor. Nelas introducirase brevemente a parte teórica da asignatura, comentándose exemplos da aplicación dos métodos, pero unha parte importante do ser tempo adicarase á aclaración das dúbidas que plantexen os alumnos.

**Clases prácticas:** na aula de informática, na que se amosará a utilización dun paquete estatístico (neste curso R) e nas cales os alumnos farán os exercicios da asignatura.

O reparto entre un tipo e outro de clases axústase ó reparto de créditos teóricos e prácticos, sen embargo poden variar nunha ou noutra dirección en función das necesidades docentes.

#### **IV. AVALIACIÓN**

A avaliación realizarase ó longo do periodo docente, separado en dúas etapas. Na primeira, aproximadamente a metade do periodo docente realizaranse varios controis (exames) sobre a materia. A estes controis corresponde o 60% da nota final. A segunda parte adicarase á realización e exposición de **4 traballos** enfocados cara ós temas 4, 5, 6 e 7 e que corresponden ó 40% da nota final.

Os alumnos que non obteñan unha nota mínima en cada un dos controis (obter como mínimo 4 sobre 10) deberán repetir esa parte na data correspondente ó exame final.

De xeito alternativo poderase obter por facer só o exame final, que consistirá nunha parte escrita (60% da nota) e unha parte practica, (40% da nota) na que se realizará o equivalente ós 4 traballos da asignatura na aula de informática.

Ademais débese obter na parte escrita un mínimo de 4 sobre 10 para que se corrixa a parte práctica

Este mesmo tipo de exame será o que se realizará en setembro e decembro (convocatoria extraordinaria de Febreiro)

## V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

- 1.- Introducción e conceptos básicos
- 2.- Introducción ó manexo de un paquete estatístico (neste curso: R)
- 3.- Análise Previa dos Datos.
- 4.- Análise da varianza.
- 5.- Métodos de Reducción de Datos
- 6.- Métodos de Agrupación
- 7.- Métodos de Clasificación
- 8.- Novas tendencias: Introducción á Análise de Datos Masivos

## VI. RECOMENDACIÓNS

Son necesarios coñecementos de Cálculo de Probabilidades e Inferencia Estatística, cun nivel equivalente ó que se obtén superando as Estatísticas Empresariais I e II, tanto da Licenciatura en ADE como da Diplomatura de Empresariais.

## VII. FONTES DE INFORMACIÓN

### Bibliografía:

- Hair, J.F.; Anderson, R.E.; Thatam, R.L.; Black, W.C. (1999): *Análisis Multivariante*. Editorial Prentice Hall. Madrid.
- Lévy Mangin, Jean- Pierre; Varela Mallou, Jesús (2003): *Análisis Multivariante para las Ciencias Sociales*, Pearson Prentice Hall, Madrid.
- Peña, Daniel (2002): *Análisis de datos multivariantes*, Mc-Graw Hill, Madrid.
- Uriel, Ezequiel (1995): *Análisis de datos. Series Temporales y Análisis Multivariante*, AC, Madrid.

Aparte desta breve lista, existe na biblioteca unha ampla variedade de libros sobre Técnicas Multivariantes en castelán e inglés.

### Na web:

**Web dunha empresa** que traballa con Estatística e na que aparecen introduccións a moitos métodos entre eles os que se tratan na asignatura:  
<http://www.estadistico.com>

**Web da asignatura na que se colocará o material entregado polos profesores:**

<http://www.udc.es/dep/ecoapl2/esteco1/tecnicas/>